



A Xunta, os sindicatos e a patronal continúan avanzando no Diálogo Social con 9 preacordos máis, que se suman aos 15 acadados o pasado verán

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato e os titulares de Economía e Industria, Javier Guerra; e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, explicaron en rolda de prensa os principais puntos destes avances
- ▶ Previamente, reuníronse con membros de CCOO, UGT e da CEG na mesa de coordinación xeral do proceso, á que se elevaron estes nove preacordos
- ▶ O obxectivo destas medidas abrangue diversos ámbitos: avanzar na mellora do emprego, reforzar sectores estratéxicos da economía como o naval e a automoción, mellorar a planificación de infraestruturas hidráulicas e ambientais e avanzar na mellora da atención á dependencia e á discapacidade



Beatriz Mato e Santiago Camba poñen punto final en Brasil á súa viaxe institucional por Latinoamérica

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou no mes de marzo un total de 249.246 persoas desempregadas, o que supón un incremento de 967 parados

Máis de 10.800 traballadores beneficiaranse este ano de tres liñas de axudas da Xunta que superan os 60 millóns de euros

- ▶ O director xeral de Promoción do Emprego presentou un total de 10 convocatorias de subvencións que se agrupan en tres eixos principais

Os concellos xa poden solicitar as axudas de benestar para financiar os seus servizos sociais

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 62, do 19.03.2011) publicou a convocatoria das subvencións do 'Plan Concertado'

Sumario	
Diálogo social	2-3
Formación-emprego	4-5
Informe do paro rexistrado	4
Seguridade e saúde laboral	6
Igualdade	7
Familia e benestar	8-9
Xuventude	10-11
Normativa	12-20

Créditos	
Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatística
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

A Xunta, os sindicatos e a patronal continúan avanzando no Diálogo Social con 9 preacordos máis, que se suman aos 15 acadados o pasado verán

- ▶ O obxectivo destas medidas abrangue diversos ámbitos: avanzar na mellora do emprego, reforzar sectores estratéxicos da economía como o naval e a automoción, mellorar a planificación de infraestruturas hidráulicas e ambientais e avanzar na mellora da atención á dependencia e á discapacidade
- ▶ É a primeira vez que un Goberno, neste caso autonómico, somete a aplicación da Lei de dependencia ao control dos axentes sociais e económicos
- ▶ Tamén se acordaron actuacións para garantir o bo estado e o acceso en cantidade e calidade á auga, así como a correcta xestión dos residuos urbanos e industriais en Galicia
- ▶ Outras das medidas consensuadas pasa pola implantación do Selo e Credencial Naval na Comunidade Autónoma, e por medidas para o sector da automoción



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, e o titular de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, reuníronse con patronal e sindicatos na mesa de coordinación do diálogo social

Santiago, 23 de marzo de 2011.- A Xunta, xunto cos sindicatos CCOO e UGT, e a CEG, continúa avanzando no proceso do diálogo social, co fin de acordar medidas que permitan promover a revitalización económica e social de Galicia. Deste xeito, eleváronse á mesa de coordinación 9 preacordos máis, que se suman así aos 15 xa ratificados o pasado verán.

Para dar conta destes compareceron en rolda de prensa a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato; o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra; e o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández. Previamente, os tres conselleiros participaron na xuntanza da mesa de coordinación, xunto cos representantes dos axentes sociais e económicos.

En concreto, estes 9 preacordos abranguen distintas temáticas e foron todos eles consensuados nas catro mesas xerais de traballo e nas tres sectoriais. En concreto, as mesas que forman parte do diálogo social son as seguintes:

emprego e relacións laborais (mesa 1); competitividade empresarial e innovación (mesa 2); infraestruturas e desenvolvemento sostible (mesa 3); e políticas de benestar e cohesión social (mesa 4). Ademais das xerais, tamén se constituíron outras sectoriais para o sector do téxtil, do naval e da automoción.

Deste xeito, dos 9 preacordos, dous foron acadados no seo da mesa 1; tres na mesa 2; e dous nas mesas 3 e 4, respectivamente.

A ratificación destes preacordos supón, segundo considerou Mato, que “no peor contexto posible, cun terreo especialmente propicio para as dificultades, Galicia está a avanzar pola senda do consenso. Dialogar e chegar a acordos para mellorar a situación de Galicia é a nosa responsabilidade”.

Deste xeito, precisou que estes consensos servirán para “avanzar na mellora do emprego dentro das competencias da Xunta, promover o reforzamento de sectores estratéxicos da economía galega, continuar na mellora e planificación das infraestruturas hidráulicas e

ambientais; e seguir mellorando a atención á dependencia e á discapacidade”.

Preacordos da mesa 1

Da mesa 1, de emprego e relacións laborais, ratificáronse dous preacordos: para a creación do Consello Autonómico de Emprego, os consellos provinciais de emprego e os comités territoriais de emprego; e o segundo, para a posta en marcha dun plan de acompañamento e atención individualizada para os mozos desempregados e para os demandantes de emprego que non recibisen aínda recursos por parte do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Con respecto ao Consello Autonómico de Emprego, será un órgano consultivo, de participación e asesoramento. Nel tomarán parte a Administración, as organizacións empresariais máis representativas e as organizacións sindicais, e reunirse semestralmente. As súas funcións principais serán as de información e análise do mercado

de traballo, así como da actuación do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Pola súa banda, os consellos provinciais desenvolverán esta mesma función con criterios provinciais, e ademais poderán facer propostas e recomendacións sobre programas e a súa eficacia. Finalmente, os comités territoriais de emprego levarán a cabo este traballo desde a perspectiva territorial. Haberá un total de 16 comités, delimitados en función da influencia das oficinas de emprego, e neles terá entrada a Fegamp.

Este acordo, polo tanto, supón un “novo escenario”, que permite substituír os pactos territoriais de emprego e conformar novos órganos de asesoramento máis efectivos.

O segundo preacordo da mesa 1 supón a posta en marcha dun plan de atención individualizada para persoas menores de 30 anos en situación de desemprego, e para aquelas persoas que estiveran desempregadas durante máis dun ano e que aínda non recibiran recursos do Servizo Público de Emprego

de Galicia. Beneficiará a preto de 57.000 persoas, que seguirán inscritas como demandantes de emprego.

O programa busca mellorar a calidade da resposta dos servizos de intermediación públicos, ademais de atender “especificamente” ao paro xuvenil. As persoas que entren no programa recibirán un itinerario personalizado de inserción; o acceso ás accións formativas que requiran; a reorientación –de ser o caso– cara xacementos de emprego emerxentes; e un axeitado aproveitamento das políticas activas de emprego actuais.

Preacordos da mesa 2

Na mesa 2, de competitividade empresarial e innovación, acadáronse os seguintes preacordos: a implantación do selo naval e da credencial naval, e o deseño de medidas concretas para superar a actual situación do sector; medidas para a automoción; e actuacións para o fomento da creación e consolidación do emprendemento en Galicia.

Ao abeiro destes preacordos, o conselleiro de Economía e Industria, Javier Guerra, salientou a iniciativa para a implantación do Selo e Credencial Naval en Galicia e a creación da Comisión Técnica do Selo Naval, como órgano colexiado, encargado da tramitación técnica deste selo, que será concedido pola consellería. Neste acordo, o titular de industria destacou tamén a creación de grupos de traballo encargados do estudo dun marco lexislativo para o sector naval de Galicia ou da creación dun fondo patrimonial de garantías para a industria auxiliar.

No eido da automoción, acordouse continuar avanzando nas políticas de dinamización que desenvolve a Consellería de Economía e Industria e prestar apoio a todas as ramas de actividade que conforman un sector considerado estratéxico para a economía de Galicia.

Ademais, no que se refire ao fomento da creación e consolidación do emprendemento en Galicia, o titular de Economía e Industria apuntou que a mellora da coordinación

entre as diversas entidades, no eido do emprendemento e do autoemprego, provocou sinerxías que teñen aumentado a eficacia dos servizos prestados ás persoas emprendedoras e engadiu que o plan de acción acordado estará dotado con 2,89 millóns de euros.

Preacordos da mesa 3

A mesa 3 de “Infraestruturas e Desenvolvemento Sostible” elevou á mesa de coordinación os seguintes preacordos: en materia de xestión de residuos urbanos e industriais; e sobre actuacións en materia de infraestruturas hidráulicas e traballos medioambientais para o período 2010-2013.

No que se refire ás infraestruturas hidráulicas, a Xunta ten planificada unha inversión de 508,3 millóns de euros –segundo explicou Agustín Hernández– que irán destinados sobre todo a infraestruturas de saneamento, abastecemento e mellora das marxes dos ríos e, en menor medida, á xestión do dominio do público hidráulico e á explotación de EDAR.

Os axentes sociais e as administracións públicas comprométese a actuar a través dunha estratexia que permita protexer o noso recurso máis prezado, a auga. Esta estratexia está baseada en tres eixos: garantir o abastecemento de auga en cantidade e calidade (corrixindo, por exemplo, situacións de infradotación de caudais e garantindo a subministración mesmo en períodos de seca a todos os núcleos de poboación de máis de 50 habitantes); estender e mellorar a xestión do servizo de saneamento e depuración; e protexer os ríos e costas galegos.

Pola súa banda, no que se refire ao preacordo sobre a xeración de residuos, a mesa aposta por deseñar novas estratexias comúns que conduzan a un cambio de mentalidade que permita visualizar o problema real que supón a xestión dos residuos e pór en práctica actuacións centradas na minimización da xeración nos procesos de produción e o cumprimento da normativa

vixente por parte dos produtores e xestores tanto públicos como privados; no fomento dos mercados de materiais reciclados; no consumo responsable; ou na formación e concienciación, tanto dos traballadores como dos consumidores.

Por último, considerouse que resulta imprescindible solucionar a saturación das plantas de tratamento, un dos problemas que impide que unha elevada porcentaxe dos residuos xerados sexan tratados da forma máis adecuada. Con este obxectivo desenvólvense melloras nas infraestruturas existentes e estudárase a construción de novas plantas que permitan tratar os residuos dunha maneira máis sostible e respectuosa co medio ambiente, apostando pola recuperación da maior proporción dos materiais posibles, co fin de minimizar a eliminación en vertedoiros controlados. A valorización enerxética sería o último elo dunha cadea deseñada para conseguir a máxima valorización material, tal e como determina a xerarquía.

Preacordos da mesa 4

Na mesa 4, de políticas de benestar e cohesión social, chegaron a preacordos no desenvolvemento da Lei de dependencia; e para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para persoas con discapacidade 2010-2013.

No que se refire á Lei de dependencia, trátase da primeira vez que un Goberno, neste caso autonómico, “transparenta” a súa xestión da Lei de dependencia e a somete ao

control dos axentes sociais e económicos, segundo explicou Mato. Deste xeito, porase á disposición dos axentes sociais todos os datos para a súa análise, crítica e para recibir suxestións.

Tamén se establecen obxectivos concretos para 2011, así como diversos indicadores de seguimento. Un dos puntos principais deste acordo é que se establece –e se controlará– o incremento real dos orzamentos para dependencia nun 3 por cento neste ano 2011.

Entre outros puntos, este preacordo recolle: a mellora da xestión da demanda do solicitantes; a mellora da xestión da oferta de servizos e prestacións; máis recursos de apoio ás persoas coitadoras; a elaboración dun catálogo de servizos e o establecemento de principios de calidade.

Por outra banda, o último preacordo establece o seguimento do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013. Este plan é o primeiro proxecto integral e transversal dun Goberno de Galicia para atender ás persoas con discapacidade. O plan conta con preto de 300 medidas, nas que están implicados o conxunto do Goberno galego

Para rematar, Mato resaltou que o diálogo social continuará traballando arreo “como desde o principio”. Todos os conselleiros agradeceron, ademais, a capacidade de esforzo e diálogo amosado por todos os interlocutores e fixeron un chamamento para continuar nesta senda.



http://traballo.xunta.es/descargas/Dialogo_social_acordos.pdf

Galicia rexistrou no mes de marzo un total de 249.246 persoas desempregadas, o que supón un incremento de 967 parados

Santiago, 4 de abril de 2011.- No pasado mes de marzo, Galicia rexistrou un total de 249.246 persoas desempregadas. Esta cifra supón un aumento de 967 persoas con respecto ao mes de febreiro, o que se traduce, en termos relativos, nun incremento do 0,39 por cento.

Así o apuntou hoxe en rolda de prensa a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López. Durante a súa intervención, salientou que sempre é un "dato negativo" que se rexistren aumentos no paro rexistrado. Con todo, apuntou que a media de Galicia está este mes "lixeramente por debaixo da estatal".

De feito, no Estado o incremento do paro foi do 0,8 por cento, fronte ao 0,39 rexistrado en Galicia. En

termos absolutos, isto supón que en España o desemprego creceu en 34.406 persoas, de xeito que quedou situado nas 4.333.669 persoas.

No que se refire á situación por comunidades autónomas, a responsable autonómica precisou que o paro rexistrado diminuíu en catro territorios, e aumentou no resto. De todas as comunidades nas que sube o paro, Galicia é a segunda na que menos sube, por detrás de Canarias.

Con todo, Díaz López insistiu en que os datos son "malos", pese a que sexan "inferiores" aos rexistrados nos dous anos anteriores. Así, o ano pasado, entre febreiro e marzo de 2010, o aumento mensual foi "máis do dobre" que o deste exercicio, ao chegar ás 2.278 persoas; e, en 2008, o incremento mensual

acadou os 4.914 parados; fronte aos 967 deste exercicio.

O comportamento de Galicia na evolución interanual tamén amosa unha contención da destrución de emprego, xa que o incremento este ano situouse nas 12.797 persoas (5,41 por cento), fronte ás 24.965 que se rexistraron no mesmo período do ano pasado (marzo 2009- marzo 2010). Supón, polo tanto, unha redución á metade, a pesares de que o aumento siga sendo "negativo".



Por provincias, o paro aumentou en todas elas, agás en Lugo. A maior subida rexistrouse en Pontevedra (1.013 parados), seguida por A Coruña (340), e por Ourense (177). En Lugo, pola súa banda, o desemprego baixou en 563 persoas.

No que se refire aos sectores, o

desemprego se incrementou en tres sectores, aínda que baixou en dous. Así, o sector servizos foi o que rexistrou un maior aumento en termos absolutos (619 persoas), seguido polo colectivo sen emprego anterior (393), e pola industria (293).

Doutro lado, están a construción e a agricultura e a pesca, ambos sectores onde houbo descensos do desemprego. En concreto, na construción o paro baixou en 265 persoas; e a agricultura e a pesca rexistrou 73 parados menos.

Na evolución dos contratos, rexistráronse en Galicia no mes de febreiro un total de 51.590 contratos, 6.079 máis que no mes anterior. Deste total, 5.056 foron indefinidos (9,8 por cento) e 46.534 temporais (90,2%).



Máis de 10.800 traballadores beneficiaranse este ano de tres liñas de axudas da Xunta que superan os 60 millóns de euros

- ▶ O director xeral de Promoción do Emprego, Andrés Hermida, presentou un total de 10 convocatorias de subvencións que se agrupan en tres eixos principais
- ▶ Para fomentar a contratación de traballadores nas empresas galegas destinaranse preto de 19 millóns de euros
- ▶ Esta iniciativa, que prevé beneficiar a máis de 4.150 traballadores, foi aprobada xa o ano pasado no seo do diálogo social
- ▶ Para axudar aos emprendedores, a Consellería de Traballo e Benestar destinará máis de 27,1 millóns de euros cos que se prevé subvencionar a 4.000 autónomos
- ▶ Por último, para promover a integración laboral das persoas en risco de exclusión social resérvanse máis de 14,1 millóns, unha contía da que se poderán beneficiar máis de 2.600 persoas



CONVOCATORIAS DE AXUDAS E SUBVENCÍONS

http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/ayudas_subvenciones/portada_ayudas

Santiago, 25 de marzo de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar destinará este ano máis de 60 millóns de euros a axudas das que se poderán beneficiar máis de 10.800 traballadores, entre autónomos, emprendedores e persoas con discapacidade e en risco de exclusión social.

O director xeral de Promoción do Emprego, Andrés Hermida, presentou un total de 10 convocatorias de subvencións da súa área que se agrupan en tres eixos principais: incentivos á contratación de traballadores en empresas galegas; axudas para emprendedores e para persoas en risco de exclusión social. Todas as contías de cada liña de subvencións poderá ser ampliada ao longo do ano.

Incentivo da contratación en empresas

No eixo dirixido a incentivar a contratación de traballadores en empresas galegas, a Xunta destinará preto de 19 millóns de euros ao longo de 2011. Trátase dunha convocatoria de axudas que foi aprobada en 2010 en consenso con patronal e sindicatos no seo do diálogo social e que prevé beneficiar a máis de 4.150 persoas.

Esta orde, que está cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE) inclúe tres tipos de programas diferentes: para fomentar a contratación indefinida inicial; incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos; e incentivos á

contratación temporal. Poderán ser beneficiarios os empregadores e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos os autónomos, as sociedades civís e as comunidades de bens.

As contías oscilan entre os 1.800 euros do programa de incentivos á contratación temporal aos 9.600 euros para fomentar a contratación indefinida inicial.

Serán colectivos prioritarios persoas desempregadas de longa duración; que esgotasen as prestacións por desemprego; parados maiores de 45 anos; mozas e mozos desempregados de 30 ou menos anos de idade, sen cualificación; parados que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia de xénero; mozos e mozas desempregados con cualificación; e persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social.

Emprendemento

O segundo grupo de axudas está destinado a favorecer o emprendemento e o autoemprego e prevé beneficiar a máis de 4.000 autónomos e emprendedores. Para este fin, a Consellería de Traballo e Benestar reserva máis de 27,1 millóns de euros. Trátanse de seis liñas de subvencións diferentes:

- Programa para promover o emprego autónomo que conta con máis de 22,7 millóns de

euros, que se reforza este ano con 4,4 millóns máis que en 2010.

- Programa de apoio ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego -ILEs- para o que se reservan máis de 1,4 millóns de euros
- Programa de fomento das iniciativas emprendedoras e de emprego -I+E+E- que suma 1,9 millóns
- Programa de axudas e subvencións ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica -leBTs- que conta con 600.000 euros
- Incentivos para promover a afiliación á seguridade social das persoas cotitulares de explotacións agrarias con preto de 297.000 euros
- Programa de axudas a asociacións de autónomos ao que se reservan 200.000 euros

A convocatoria do programa para promover o emprego autónomo sae publicada no Diario Oficial de Galicia (ver normativa), ao igual que os programas de apoio ás I+E+E, ás leBTs e de promoción da afiliación á seguridade social das persoas cotitulares de explotacións agrarias.

O programa de apoio ás empresas cualificadas como ILEs na actualidade está en fase de elaboración e as subvencións destinadas a asociacións de autónomos xa están en marcha.

Discapacidade

Por último, o terceiro eixo das subvencións da Dirección Xeral de Promoción de Emprego céntrase en promover a integración laboral das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social. Neste apartado inclúense tres liñas de axudas diferentes que suman máis de 14,1 millóns de euros cos que se prevé beneficiar a máis de 2.600 persoas que forman parte deste colectivo.

Por unha banda, a Consellería de Traballo e Benestar xa publicou no DOG axudas por valor de 11 millóns de euros para fomentar a integración laboral nos centros especiais de emprego para persoas con discapacidade.

Doutro lado, o Consello da Xunta autorizou onte subvencións por valor de 3 millóns de euros dirixidas ás empresas galegas para a contratación de persoas con discapacidade e para financiar un programa de emprego con apoio que inclúe asesoramento no propio posto de traballo.

Por último, o departamento autonómico está a elaborar un programa de incentivos para as empresas de inserción laboral que contará cun financiamento de 200.000 euros.

A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia un 10,03% no mes de febreiro

- ▶ O descenso foi xeralizado en todos os sectores, sendo a agricultura a que proporciona os mellores datos
- ▶ Por provincias, en todas descendeu o número de sinistros laborais

Santiago, 28 de marzo de 2011.- A sinistralidade laboral baixou en Galicia un 10,03% o pasado mes de febreiro, período no que se produciron 2.791 accidentes con baixa en xornada laboral, fronte aos 3.102 ocorridos no mesmo mes do ano anterior. Do total dos rexistrados, 2.737 foron casos leves, 47 graves e 7 mortais.

O descenso foi xeralizado en todos os sectores. Os datos máis positivos proceden da agricultura, cunha baixada do 19,05%; seguida da construción, cun descenso do 12,64%; da industria, cun 9,78%; dos servizos cunha diminución de sinistros do 8,65% e da pesca cun descenso do 2,78%.

Por provincias, en todas descende o número de sinistros laborais, nunha porcentaxe do 15,67% en Pontevedra, do 14,94% en Ourense, do 6,59 na Coruña, e do 1,19% en Lugo.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, é necesario tomar en consideración o índice de incidencia, é dicir, a comparación entre os datos de accidentes en relación co número de traballadores coas continxencias

de accidente cubertas.

Con este criterio, o índice de incidencia da sinistralidade diminuíu en febreiro un 7,90%, sendo o sector da agricultura o que presenta un comportamento máis favorable cunha redución do índice do 14,48%; seguido dos servizos, cunha diminución do 8,35%; da industria, cun descenso do 6%; da construción, cunha baixada do 2,68% e da pesca, cunha lixeira redución do 0,40%.

Diminución acumulada do 15,42% nos dous primeiros meses do ano

Considerando os resultados acumulados no que vai de ano, no conxunto dos meses de xaneiro e febreiro obsérvase unha baixada da sinistralidade laboral en Galicia do 15,42%, cun total de 5.140 accidentes, fronte aos 6.077 no mesmo período de 2010.



O Issga e a USC colaborarán na formación e divulgación en materia de prevención de riscos laborais

Santiago, 30 de marzo de 2011.- A directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, e o reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Juan José Casares, subscribiron un marco de colaboración vixente ata o 31 de decembro de 2014, para o desenvolvemento de actividades de formación e divulgación en materia de riscos laborais.

A USC, a través da Facultade de Ciencias do Campus de Lugo, comprométese a coordinar e instrumentalizar todos os traballos e actuacións necesarias para a realización das actividades, participar activamente no seu desenvolvemento e informar periodicamente o ISSGA da súa evolución.

Pola súa banda, o ISSGA comprométese a colaborar no desenvolvemento de actividades académicas, científicas ou doutra índole en materia de prevención de riscos laborais, realizar tarefas de asesoramento e apoio en programas formativos, participar en proxectos e programas de investigación e desenvolvemento e colaborar na edición conxunta de publicacións e documentos de traballo que de común acordo se decida desenvolver no eido da

prevención de riscos laborais e saúde laboral.

Así mesmo, comprométese a participar en actividades de promoción da cultura da prevención e de difusión de boas prácticas, especialmente aquelas que utilicen as novas tecnoloxías da comunicación e a información; o asesoramento en cuestións relacionadas coas actividades que as dúas entidades decidan desenvolver no que atinxe aos contidos expostos en relación co obxecto do presente acordo marco; e informar periodicamente á USC das actividades desenvolvidas e da súa evolución.

A subscripción do acordo non leva consigo ningún compromiso de gasto. As achegas económicas das partes que xere a colaboración serán avaliadas e acordadas para cada un dos convenios específicos en que esta se concrete.

Para facilitar a elaboración dos convenios específicos, o seu seguimento e cumprimento, constituirase unha comisión mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións e que velará polo cumprimento do acordo, propondrá posibilidades de colaboración e preparará os convenios específicos de execución, entre outras actividades.

PUBLICACIÓNS MARZO 2011

As publicacións editadas pola consellería no mes de marzo son as seguintes:

- ▶ Boletín del Instituto Gallego de las Cualificaciones de Teixeira. Nº2, ano 2011
- ▶ Boletín do Instituto Galego das Cualificacións
- ▶ BITeB. Marzo 2011 – nº61
- ▶ Creatividade e emprego
- ▶ Pdf. Plan de formación da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado
- ▶ Galicia. Informe do paro rexistrado. Xaneiro 2011
- ▶ Informe de actividade Issga 2010
- ▶ Recopilación normativa 2010
- ▶ Acción d'Verán'11. Dos 9 aos 17 anos. Campamentos
- ▶ Vis a vis. Revista do Módulo 1 "Nelson Mandela". Centro Penitenciario

Traballo incentivou en 2010 preto de 10.000 empregos femininos e puxo en marcha máis recursos de conciliación

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, respondeu no Parlamento a unha pregunta sobre as accións en materia de igualdade que emprendeu o Goberno galego
- ▶ A titular do departamento autonómico destacou a actuación transversal da Xunta de Galicia neste eido
- ▶ Salientou que as mulleres tiveron acceso prioritario ás diversas políticas activas de emprego

Santiago, 10 de marzo de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar incentivou, ao longo de 2010, preto de 10.000 empregos femininos. Ao tempo, puxo en marcha novos recursos de conciliación da vida laboral, persoal e familiar, como 2.000 novas prazas en escolas infantís, outras 2.000 en atención a maiores desde que comezou a lexislatura e 500 en atención á discapacidade.

Así o salientou a titular deste departamento autonómico, durante unha resposta parlamentaria sobre as actuacións do Goberno galego en materia de igualdade. Durante a súa intervención, Mato destacou que a Xunta "ten garantido a transversalidade" das políticas neste eido.

Neste sentido, explicou que actualmente se está a completar no diálogo social un programa de emprego feminino, aínda que as súas primeiras medidas, en liña co acordado no diálogo social, xa se puxeron en marcha en 2010.

Así, a muller tivo, durante o pasado exercicio, un lugar prioritario no

acceso ás diversas políticas activas de emprego, así como no fomento da empregabilidade, do emprego e a contratación.

Deste xeito, apuntou que o 38 por cento das persoas contratadas ao abeiro do programa de cooperación coas entidades locais foron mulleres (un total de 1.500), mentres que estas acadaron unha porcentaxe do 78 por cento (1.000 mulleres) nos programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro.

Ademais, o 60 por cento dos beneficiarios dos programas mixtos de formación para o emprego foron mulleres, o que supón máis de 2.500.

No que se refire ás axudas concedidas ás liñas de contratación, apoio ao autoemprego, e contratación das persoas con discapacidade ou en risco de exclusión, o 50,1 por cento dos contratos foron asinados por mulleres, é dicir, foron contratadas 5.826 mulleres.

Polo tanto, resumiu Mato, a Consellería de Traballo e Benestar promoveu ao longo de 2010 a

- ▶ Lembrou que se crearon preto de 5.000 prazas públicas en escolas infantís, centros de atención ás persoas maiores, e centros de atención á discapacidade
- ▶ Ademais, un total de 43 empresas recibiron axudas para implantar Plans de Igualdade e revisáronse máis de 100 convenios colectivos

contratación de preto de 10.000 mulleres.

Programa "Executiva"

Por outra banda, a conselleira explicou tamén que o Goberno galego está a actuar na mellora da calidade dos postos de traballo femininos. Con este fin, púxose en marcha o Programa Executiva, que sitúa a Galicia entre as pioneiras no Estado, e que pretende impulsar as mulleres empresarias ou con perfil directivo.

Ademais, Traballo e Benestar puxo en marcha outras medidas co fin de fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres. Entre outras, Mato salientou a posta en marcha da Comisión consultiva autonómica

para a igualdade na negociación colectiva, e que se comezaron a revisar por primeira vez os textos dos convenios colectivos para valorar o cumprimento da normativa en materia de igualdade de xénero. Ata o momento, avaliáronse máis de 100 textos. Tamén, a Xunta apoiou que as pequenas e medianas empresas elaborasen plans de igualdade, unhas subvencións que chegaron a 43 empresas.

Outras das iniciativas postas en marcha pola Consellería de Traballo, foi a "Marca galega de excelencia en igualdade", un distintivo a través do cal a Xunta outorga un recoñecemento ás empresas que destacan pola aplicación de políticas de igualdade.



Publicacións



http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_vertical/publicaciones_estadisticas



http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_vertical/publicaciones_estadisticas

Beatriz Mato e Santiago Camba poñen punto final en Brasil á súa viaxe institucional por Latinoamérica



Beatriz Mato na 'Sociedade Recreio dos Ancianos para Asilo da Velhcie Desamparada' de Brasil

Río de Xaneiro, 29 de marzo de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o secretario xeral da Emigración, Santiago Camba, visitaron varias entidades sociais de Río de Xaneiro, onde remataron a súa viaxe institucional a Latinoamérica.

Mantiveron unha reunión coa xunta directiva da Sociedade Española de Beneficiencia de Río de Xaneiro, un encontro que pon punto e final á visita institucional desenvolvida pola titular de Traballo e

Benestar estes días por Latinoamérica. Mato mantivo encontros con diferentes entidades sociais coas que a Xunta mantén unha colaboración estreita.

En Bos Aires, Mato visitou o 'Hogar Gallego para Ancianos' e o 'Centro Gallego de Mar del Plata'. En Uruguai, a representante do Goberno galego acudiu ao 'Hogar Español de Ancianos' de Montevideo, mentres que en Brasil estivo na 'Sociedade Recreio dos Ancianos para Asilo da Velhcie Desamparada' e na



Beatriz Mato na 'Peña Galega da Casa de España'

'Peña Galega da Casa de España'.

A Sociedade Recreio dos Ancianos é unha entidade benéfica creada no ano 1940, destinada a acoller persoas maiores de forma temporal ou permanente de xeito gratuíto dando prioridade aos españois necesitados e persoas maiores. Neste centro, ofrécese ás persoas que acolle alimentación, vestiario e servizos médicos mellorando, así, o aspecto social, emocional e psicolóxico.

A Peña Galega da Casa de

España é unha entidade sen ánimo de lucro na que se leva a cabo unha importante política social asistencial orientada a facer efectiva a mellora da calidade de vida das persoas maiores pertencentes á colectividade galega. Nas súas instalacións, a Peña Galega da Casa de España xestiona e administra un centro de día no que proporciona aos emigrantes galegos actividades sociais, culturais, recreativas, asistenciais e sanitarias.

A oferta de prazas nas escolas da Xunta ascende na actualidade a máis de 7.500, o que supón 634 máis que ao inicio do curso pasado

Santiago, 9 de marzo de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar abriu o prazo (xa rematado) para solicitar unha praza en 126 escolas infantís da Xunta de Galicia, integradas todas elas na Rede Galiña Azul.

Ás 126 escolas hai que sumarlles dúas máis que tamén forman parte da Rede Galiña Azul, aínda que a convocatoria que anunciará o comezo do proceso de matriculación sairá publicada no DOG a mediados do próximo mes de abril, xa que son dous centros con prazas reservadas para traballadores da Xunta.

En total, a Rede de Escolas Infantís Galiña Azul da Xunta incluírá o vindeiro curso nove centros máis

que o pasado ao contar coas novas escolas abertas nos últimos meses en Eirís e Monte Alto, na Coruña, Valadares, en Vigo, Tras Parlamento, en Santiago, e A Parda, Campus Universitario e Complexo Administrativo da Xunta, en Pontevedra, así como as de Sada e Mos Coto-Torrón, que abrirán proximamente.

O total de prazas nas 128 escolas da Xunta para o mes de setembro ascende así a máis de 7.500, o que supón 634 prazas máis que ao comezo do presente curso. Por provincias, a oferta é de 2.647 prazas na Coruña, 824 en Lugo, 1.083 na provincia de Ourense e 2.959 en Pontevedra.

Ademais destas prazas, a

Xunta traballa na posta en marcha doutras escolas infantís durante o ano 2011, as de Ames-Bertamirás, Betanzos, Carnota, Coirós, Coristanco, Curtis, Fisterra, O Pino, Sobrado dos Monxes, Alfoz, Baralla, O Incio, Vilalba, A Merca, Cartelle, Oimbra, Verín, Sanxenxo e Vigo. Os procesos de matrícula para eses centros abranse a medida que se concrete a data definitiva de entrada en funcionamento.

Xunto a esas máis de 7.500 prazas da Rede Galiña Azul ofertadas neste prazo ordinario de matrícula, as previsións son rematar este ano 2011 superando as 8.300 prazas. Dende o comezo da lexislatura, cando a oferta en centros 0-3

era de 5.424 prazas, o Goberno galego leva xa creadas máis de 2.000 novas prazas en escolas infantís. O obxectivo da Consellería de Traballo e Benestar é crear un total de 4.500 novas prazas en escolas infantís nesta lexislatura.

En total, as prazas públicas sostidas con fondos públicos superan as 16.100 en Galicia, xa que ás 7.500 que forman parte da Rede Galiña Azul hai que sumarlles as 1.200 prazas que se financian con cheque infantil, as 3.000 que se subvencionan de escolas dependentes de entidades privadas de iniciativa social e as máis de 4.800 prazas que a Xunta financia en escolas infantís municipais.

O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 62, do 29.03.11) publica a convocatoria das subvencións do 'Plan Concertado'

- Esta iniciativa financia máis de 47 millóns de euros os servizos sociais comunitarios dos concellos, o plan de desenvolvemento do pobo xitano, e o servizo de axuda no fogar para persoas dependentes
- As entidades locais poderán dispoñer de ata un 100 por cen de anticipo para facilitarlles ás corporacións locais a tesourería suficiente para facer fronte aos seus servizos

Santiago, 29 de marzo de 2011.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou hoxe a convocatoria para que os concellos poidan concorrer ás axudas da Xunta para financiar os seus servizos sociais comunitarios, así como o de axudar no fogar para persoas dependentes e o Plan de Desenvolvemento Xitano.

Os concellos, que poderán dispoñer dun anticipo de ata o 100 por cen da subvención co fin de facilitarlles tesourería suficiente, terán un prazo dun mes a partir de mañá para presentar as súas solicitudes.

A continuación, analizarase e valorarase os proxectos

presentados, polo que se estima que as primeiras resolucións estean en xuño deste ano. A partir de aí –aproximadamente aos 15 días de notificarse a resolución– os concellos poderán comezar a recibir o anticipo das subvencións concedidas pola contía do 100 por cen das subvencións.

O orzamento do denominado Plan Concertado mantense con respecto ao ano pasado nos 47 millóns de euros, e tan só diminúe na porcentaxe correspondente de adaptar os salarios ao decreto do Goberno central do ano pasado que establece unha minoración dunha media do 5 por cento. A maior contía deste

orzamento destínase para axuda no fogar para dependencia, con 23 millóns de euros.

En concreto, o financiamento destínase a: gastos correntes de retribución do persoal municipal que desenvolve os servizos sociais; gastos derivados da prestación do servizo municipal de axuda no fogar (tanto para persoas valoradas como dependentes, como para outras situacións de necesidade); e gastos derivados da xestión e execución doutros programas sociais, como pode ser o de desenvolvemento do pobo xitano.

Os concellos disporán dunha aplicación informática, en soporte web, para facilitar a elaboración dos formularios de solicitude. Estará dispoñible no apartado recursos do portal de Benestar <http://benestar.xunta.es>.

Esta ferramenta web responde

á necesidade de axilizar o procedemento, especialmente tendo en conta que moitos dos erros que había que depurar logo de presentar a documentación eran de carácter numérico. Isto xeraba retrasos á hora de poder resolver e, polo tanto, de abonar as cantidades asignadas aos concellos.

Por iso, deseñouse esta aplicación na que se introducen os datos dunha única vez e na que os cálculos realízanse de xeito automatizado. Polo tanto, este instrumento permitirá unha correcta elaboración das solicitudes e axilizará o procedemento, ao diminuír, previsiblemente, o número de requirimentos de emenda que habería que enviar ás corporacións locais.

Estímase que durante 2010 as persoas usuarias destes servizos superaron as 620.000 persoas, aínda que non se trata dun dato definitivo.

Mato inaugura o novo centro de menores especializado en trastornos de conduta, o único destas características en Galicia

A Xunta destinará preto de 670.000 euros ao ano ao concerto do total das prazas durante as próximas dez anualidades



A conselleira de Traballo e Benestar visitou as novas instalacións

